


DOCUMENTO TÉCNICO “A JOURNEY THROUGH ENGLISH”

Os ODEs entregados foron maquetados coa ferramenta de autor libre eXeLearning e están comportos por 8 apartados:



As ODEs incluídas no proxecto “A Journey through English” non precisan ningunha instalación especial. (Páxina oficial para consultar dúbidas: <http://exelearning.net/>)

Dentro das diferentes ODEs hai actividades elaboradas con outras ferramentas:

- Genially creado dende unha conta educativa, exportados e integrados en exelearning, polo que non precisan descargar nin instalar nada.
- Propostas elaboradas con H5P dende una conta e incrustadas nas ODEs, non se precisa instalación.
- Actividades feitas dende una conta de Wordwall e incrustadas no exeLearning que non precisan instalar nin executar nada.

Os ODEs que forman parte deste proxecto nos levan de “viaxe” por diferentes países de fala inglesa, algunhas das súas señas de identidade e aspectos culturais. Todas teñen una mesma estrutura que inclúe diferentes tipos de actividades e propostas nos distintos apartados, así como material adicional complementario (xogos para practicar o aprendido, recursos manipulativos para traballar as diferentes estruturas, imprimibles, ...)

Todos os ODEs están en soporte web e teñen un peso máximo de 100megas. A multimedia axustarase á licenza final dos produtos (CC BY-NC-SA) Inclúese un documento coa autoría e licenza da multimedia que non aparece referenciada nos recursos incluídos no exe-Learning.

Este material poderá ser empregado en local, ou exportado en SCORM. Pode ser integrado nal aula virtual Moodle, nun blog, na web do centro mediante o CMS Drupal.

Para a súa visualización tan so se precisa dispoñer dun navegador web.

➤ **Ferramentas empregadas:**

Para a creación dos ODE:

- Ferramenta de autor libre **Exelearning** v2.6.
- Os sons foron gravados e editados co programa de software libre

Audacity.

- As imaxes foron montadas e editadas con Canva e **GIMP**.
- Para o material adicional integrado na secuencia:
- **Genially** para crear presentacións, imaxes interactivas, ...
- **APPs educativas (empregadas ou que se proponen nas actividades):**
Wordwall, superherotar, crea tu avatar, Padlet

Para o empaquetado scorm e catalogación dos ODEs:

- Exelearning permite o empaquetado SCORM dos ODEs creados, non se precisan ferramentas adicionais.
- A catalogación segundo as especificacións LOM-ES está realizada polo propio editor de Exelearning.

➤ **Requisitos técnicos:**

Está testeado nos principais navegadores de Internet:

Tamén é preciso ter instalado un lector de pdf (ex. **Acrobat Reader DC:**

<https://get.adobe.com/es/reader/>)

➤ **Visualización dende dispositivos móbiles:**

A plantilla de ExeLearning empregada é adaptativa e non presenta problemas.